

ACTA DE APERTURA DO SOBRE ÚNICO QUE CONTÉN A DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA E OS CRITERIOS VALORABLES AUTOMATICAMENTE DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACIÓN (FACTOR PREZO) DAS OBRAS DE MELLORA DA MOBILIDADE NO POLÍGONO INDUSTRIAL NOVO MILLADOIRO. SUBVENCIÓN DA XUNTA DE GALICIA PARA A HABILITACIÓN E MELLORA DE INFRAESTRUTURAS DOS PARQUES EMPRESARIAIS DA COMUNIDAD AUTÓNOMA DE GALICIA. ANO 2024 (CÓDIGO DE PROCEDEMENTO IN519B). EXPEDIENTE GD 11460/2024.

Os/As asinantes desta acta declaran expresamente que non se atopan en ningunha situación susceptible de xerar conflito de intereses en relación co contrato ao que se fai referencia nesta acta e que informarán sen dilación ao órgano de contratación de calquera situación que constitúa ou poida dar lugar a un conflito de intereses; son coñecedores de que un conflito de intereses pode plantexarse, en particular, por razóns de intereses económicos, afinidades políticas ou territoriais, razóns familiares ou afectivas ou calquera outro interese compartido, que puidese chegar a comprometer a imparcialidade no procedemento de contratación en cuestión.

Na Casa do Concello de Ames o día 22.08.2024, reúnese a Mesa de Contratación designada para a **contratación mediante procedemento aberto simplificado cun único criterio de valoración (factor prezo) das obras de mellora da mobilidade no polígono industrial Novo Milladoiro.**

ASISTENTES:

Presidente:

Susana Señorís Rodríguez, concelleira de servizos económicos do Concello de Ames.

Vogais:

- Rosa Ana Prada Queipo, secretaria da Corporación.
- Celia Nercellas Colmeiro, adxunta intervención municipal.
- M^a Ofir Aboy García, técnica do Departamento de Secretaría.

Actúa como **Secretario** do acto Emilio Garrido Moreira, técnico do Departamento de Contratación.

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 01.08.2024 aprobou o expediente de licitación das obras **de mellora da mobilidade no polígono industrial Novo Milladoiro**, mediante procedemento aberto simplificado.

O expediente foi obxecto de publicación na Plataforma de Contratación do Sector Público o 01.08.2024 rematando o prazo de presentación de proposicións o 21.08.2024.

Constitúe o obxecto desta reunión proceder ao exame e cualificación da documentación administrativa e da oferta económica presentada polos licitadores.

Consta no expediente relación de licitadores presentados emitido pola Plataforma de Contratación do Sector Público.

Presentan ofertas nesta licitación as seguintes empresas:

EMPRESA	CIF
COSMALCA SL	B15121783
EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	A15352735
EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL, S.L.	B15496219
GR Construcciones, Obras y Servicios, S.L.	B70262829
MARTINEZ MONTES E HIJOS, S.L.	B15025372
NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	A15146608
SYR-AMG, S.L.	B15938780

O acto iníciase co exame da documentación administrativa presentada polos licitadores, da que resulta que a empresa Eulogio Viñal Obras y Construcciones SA atópase en prohibición para contratar polo motivo do Artigo 71.1.d) Non acharse ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias ou de Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, nos termos que regulamentariamente se determinen. En concreto consultado a Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia, en data 22.08.2024 constátase que a referida empresa presenta un certificado negativo con data de emisión 07.08.2024 con data de validez at 07.02.2025, polo tanto a empresa Eulogio Viñal Obras y Construcciones SA non cumpría as condicións para licitar durante o prazo de presentación de ofertas, que se extendía dende o día 01.08.2024 ata ás 23:59 horas do día 21.08.2024, presentando a súa oferta a través da PCSP en data 21.08.2024.

Á vista deste feito a Mesa de Contratación, por unanimidade dos seus membros presentes **acorda**, propoñer a **exclusión** do procedemento de licitación da empresa Eulogio Viñal Obras y Construcciones SA, por atoparse na situación de prohibición para contratar polo motivo do Artigo 71.1.d) Non acharse ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias ou de Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, nos termos que regulamentariamente se determinen.

A continuación os membros da mesa acordan admitir na licitación as seguintes empresas:

EMPRESA	CIF
COSMALCA SL	B15121783
EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL, S.L.	B15496219
GR Construcciones, Obras y Servicios, S.L.	B70262829
MARTINEZ MONTES E HIJOS, S.L.	B15025372
NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	A15146608
SYR-AMG, S.L.	B15938780

O orzamento da licitación é de 145.062,00 euros, máis o IVE correspondente do 21 %, que ascende a 30.463.02 euros, que fan un total do orzamento base de licitación de 175.525,02 euros.

A continuación procédese a apertura das ofertas económicas presentadas polas empresas admitidas. Neste expediente valórase a redución do prazo de execución cunha puntuación máxima de 20 puntos, debido a urxencia da execución das obras, por ter estipulado na subvención da Xunta de Galicia un prazo máximo para a súa execución e certificación e pago das obras executadas. O resultado das ofertas presentadas foi o seguinte:

EMPRESA	CIF	OFERTA ECON sen iva. >100	REDUCCIÓN PRAZO >20
COSMALCA SL	B15121783	142.233,29	30 días
EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL, S.L.	B15496219	138.273,10	30 días
GR Construcciones, Obras y Servicios, S.L.	B70262829	139.099,85	30 días
MARTINEZ MONTES E HIJOS, S.L.	B15025372	141.200,00	30 días
NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	A15146608	143.451,81	30 días
SYR-AMG, S.L.	B15938780	137.997,40	30 días

Na apertura da documentación administrativa, as empresas GR CONSTRUCCIONES, OBRAS Y SERVICIOS, S.L. e SYR-AMG, S.L., manifestan a súa vinculación. Sobre esta situación, o artigo 86 do RGLCSP dispón:

“1.- A los efectos de lo dispuesto en el artículo 83.3 de la Ley, cuando empresas pertenecientes a un mismo grupo, entendiéndose por tales las que se encuentren en alguno de los supuestos del artículo 42.1 del Código de Comercio, presenten distintas proposiciones para concurrir individualmente a la adjudicación de un contrato, se tomará únicamente, para aplicar el régimen de apreciación de ofertas desproporcionadas o temerarias la oferta más baja, produciéndose la aplicación de los efectos derivados del procedimiento establecido para la apreciación de ofertas desproporcionadas o temerarias, respecto de las restantes ofertas formuladas por las empresas del grupo”.

A continuación e tendo en conta o exposto, a Mesa de Contratación procede a valoración das ofertas económicas, a través da fórmula da Deputación da Coruña indicada no PCAP, para ver a posible existencia dunha baixa desproporcionada, tomando como referencia válida das empresas que manifestaron estar vinculadas a oferta máis baixa.

Segundo o cálculo realizado, tendo en conta a oferta máis baixa das 2 empresas que concorren como vinculadas, resulta como límite da oferta temeraria o importe de 139.443,09 €, incorrendo en baixa temeraria as seguintes empresas:

EMPRESA	CIF	Importe oferta (sen IVE)
EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL, S.L.	B15496219	138.273,10
GR Construcciones, Obras y Servicios, S.L.	B70262829	139.099,85
SYR-AMG, S.L.	B15938780	137.997,40

Á vista do anterior e tendo en conta o establecido nos pregos de cláusulas administrativas, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos seus membros presentes ACORDA:

Primeiro.- Admitir as empresas que cumpren con todos os requisitos previos establecidos nos pregos:

EMPRESA	CIF
COSMALCA SL	B15121783
EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL, S.L.	B15496219
GR Construcciones, Obras y Servicios, S.L.	B70262829
MARTINEZ MONTES E HIJOS, S.L.	B15025372
NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	A15146608
SYR-AMG, S.L.	B15938780

Segundo.- Dirixir escrito ás empresas cuxas ofertas se consideran como desproporcionadas, concedéndolle un prazo de **5 días naturais**, dende o envío da notificación a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (**PCSP**), aos efectos de que aporten documentación xustificativa da baixa ofertada, acompañando para elo a documentación que estimen necesaria para a devandita xustificación. En todo caso, deberán ter en conta o estipulado no PCAP que rexen para a presente licitación.

Terceiro.- A mesa reunirase novamente para a toma de coñecemento do informe técnico de baixas temerarias.

E non habendo máis asuntos que tratar a presidenta deu por rematado o acto do que se estende a presente acta, que en proba de conformidade asinan todos os membros da Mesa de Contratación, e eu, como secretario da mesma, certifico.